



CONCELLO DE REDONDELA

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1.- Fudamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2.- Feito imponible.

1. Constitue o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenrolada con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as autoridades Municipais.

2. A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediara solicitude expresa do interesado.

Artigo 3.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuintes das persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten, provoquen ou en cuxo interés redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4.- Responsabeis.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias o suxeito pasivo das persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsabeis subsidiarios os administradores das sociedades e dos síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedade e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5.- Beneficios fiscais.

1. Gozarán de exención aqueles contribuintes en que concurra algunha das seguintes circunstancias:



1º. Estar inscritas no padrón da beneficencia como pobres de solemnidade.

2º. Ter obtido o beneficio xudicial de pobreza, respecto aos expedientes que deben surtir efecto, precisamente, no procedemento xudicial no que foran declarados pobres.

2. Non se admitirá nesta taxa beneficio tributario algún que non veña establecido en Tratados ou Acordos internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artigo 6.- Cuota tributaria.

1. A cuota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada según a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, dacordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A cuota de tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación até a súa resolución final, engadida a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.

3. As cuotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50 por 100 cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes.

Artigo 7.- Tarifa.

A tarifa desta taxa será a que figura no anexo.

Artigo 8.- Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obrigaçión de contribuir cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ao tributo.

2. Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provoquen a actuación municipal de oficio ou cando ésta se inicie sin previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

Artigo 9.- Declaración de ingreso.

1. A taxa esixirásese en réxime de autoliquidación, e normalmente polo procedemento do selo municipal adherido ao escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existira, ou a solicitude non fora expresa.

2. Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 66 da Lei de procedemento administrativo, que non veña debidamente



reintegrados, admitiranse provisionalmente, pero non poderá darselle curso sen que se subsane a deficiencia, a cuxo fin requerirase ao interesado para que, no prazo de dez días, abone as cuotas correspondentes; co apercibemento de que, transcurrido dito prazo sin efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

3. O importe desta taxa poderase esixir mediante o pago en efectivo, substituindo o selo municipal por un recibo duplicado, un de cuxos exemplares unese ao escrito e outro a copia que se devolva ao interesado.

Artigo 10.- Infraccións e sancións.

En todo lo relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final.-

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

<i>Documento</i>	<i>Euros</i>
* Certificacións e informes expedidos por calquera dependencia , autoridade ou funcionario	1,25
* Fotocopia de documentos existente en expedientes administrativos (unidade DIN A-4)	1,01
* Fotocopia de documentos a aportar por particulares para formar parte de expedientes administrativos neste Concello (unidade DIN A-4)	0,07
* Fotocopia de planos urbanísticos: segundo o custo do servizo debidamente acreditado	
* Bastanteo de poderes	3,76
* Información urbanística:	
a) De línea e rasante	18,79
b) Calquera outro concepto máis	30,06
* Expediente de ruina tramitado a instancia de parte: segundo o custo do servizo debidamente acreditado	
* Expedición de esbozos realizados pola policía local	90,20
* Cando se soliciten os documentos con carácter de urxencia, o importe das cuotas incrementaráse nun 54 por 100.	



CONCELLO DE REDONDELA

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

- BOP número 299, do 27.11.1999
- BOP número 86, do 03.05.1996
- BOP número 245, do 26.12.2000
- BOP número 241, do 15.12.2003
- BOP número 247, do 27.12.2005
- BOP número 249, do 26/12/2008